MARTÍN SARMIENTO

NA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE COMPOSTELA:

TEXTOS E NOTAS PARA A SÚA XENEALOXÍA.

DISCURSO PRIMEIRO



por **HENRIQUE MONTEAGUDO**

secretario do Consello da Cultura Galega, filólogo, profesor na Facultade de Filoloxía de Compostela e especialista na obra do P. Fr. Martín Sarmiento, benedictino, lector de Theoloxía Moral

Como é sabido, baixo a inspiración do seu anterior presidente, o recentemente finado Carlos Casares, o Consello da Cultura Galega anunciou a finais do ano pasado a posta en marcha do *Proxecto Sarmiento*, que ten como obxectivo a edición da obra completa do sabio galego, en boa parte inédita. Coa finalidade de realizar tal proxecto, inescusablemente tivemos que abordar a realización dunha 'Guía de fondos manuscritos', na procura de orixinais ou copias temperás dos textos do noso autor, a partir dos cales se poden emprender edicións feitas coas debidas garantías de fidelidade. A tarefa de localización das fontes manuscritas, que está resultando non menos laboriosa e complexa do que agardabamos, comezou xa a dar resultados, algún deles tan sorprendente como o achado do orixinal do 'Coloquio en coplas galegas' na mesma Biblioteca Nacional de Madrid, onde se atopaba camuflado baixo un enganoso título. Pero, e isto o que quero subliñar agora, tamén nos arquivos e bibliotecas galegos están a aparecer testemuños interesantes, uns mellor coñecidos e explorados ca outros. Un dos fondos sarmentinos máis salientables de Galicia é, sen dúbida, o da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, perfectamente catalogado e descrito pola súa actual directora, Mariví Pardo Gómez. Con ela, e co conxunto dos bibliotecarios e bibliotecarias da Minerva compostelá, estamos os investigadores perpetuamente obrigados. Deixamos, pois, expresa constancia do noso agradecemento ó persoal desta Biblioteca polas facilidades que nos deron para levar a cabo o traballo, e aproveitamos para chamar a atención sobre a penuria de medios técnicos desta importantísima biblioteca, especialmente no que atinxe á reproducción de fondos. Non pode ser que unha biblioteca emblemática de Galicia careza de servicios de microfilmación.

Unha das pezas máis importantes do fondo sarmentino da BXUS está constituída polo conxunto de papeis reunidos no cartafol coa signatura M. 599/4. Estes papeis pertenceron a Francisco de Paula Cousiño, neto de Bernarda García Sarmiento, a irmá maior do noso frade, e a eles contribuíu tamén Pedro de la Riega, neto á súa vez de Rosa Sarmiento, a irmá menor de frei Martín (véxase esquema xenealóxico 1). Segundo sabemos pola correspondencia de Pedro de la Riega ó seu primo segundo Francisco de Paula (véxanse as cartas), este propúxose por volta de 1819 redactar unha biografía do seu tío avó, que non deu rematado a pesar de que chegou a colleitar un conxunto notable de materiais, entre os cales se atopan os papeis que agora reclaman a nosa atención. Unha parte dos ditos papeis son autógrafos do propio Sarmiento relativos á súa xenealoxía (aínda que aparentemente se refiren á do seu sobriño neto Alonso Benito, neto maior de Francisco Xavier, o irmán predilecto de Martín), seguramente redactados arredor de 1756, cando o noso autor andaba moi atafegado, pois acababa de ser presentado para a abadía de Ripoll polo Rei, o que o obrigaba a adoptar, moi contra o seu propio gusto, un brasón: a heráldica, di el no seu caderno de viaxe de 1754/55, é "patarata". Volvendo ó rego, outra parte do contido no cartafol de que estamos a tratar son notas biográficas e rascuños xenealóxicos, probablemente da man de Francisco de Paula, e mais tres cartas dirixidas a este por Pedro de la Riega. Nas presentes páxinas ofrecemos os seguintes materiais: a reproducción fotográfica de dous esquemas xenealóxicos, un deles autógrafo e outro da man de Francisco de Paula Cousiño (véxase fotos); a lectura dunha nota do puño e letra de Sarmiento, relativa ó seu avó Gómez Balboa Sarmiento, e ó irmán desde, Francisco Balboa (texto nº 1); e extractos das tres cartas de Pedro de la Riega a Francisco de Paula Cousiño (textos nº 2 a 4). Coido que as devanditas mostras abondan para dar unha idea do interese do conxunto, e especialmente para chamar a atención sobre a ascendencia materna de Martín Sarmiento. Ata esta recibiu escasa atención, a diferencia da paterna, que foi estudiada, entre outros, de Antonio Rodríguez e o Padre José S. Crespo del Pozo (artigos publicados en Cuadernos de Estudios Gallegos en 1972).

Con respecto á cuestión dos devanceiros de Sarmiento por parte da nai, vou chamar a atención sobre dous puntos. Primeiro, un dato sorprendente: o avó materno de Sarmiento, don Gómez Balboa Sarmiento, acabou os seus curtos días (faleceu en 1663) como colexial teólogo no Colexio do Rei de Salamanca, segundo se desprende da nota (estrañamente lacónica, por certo) de frei Martín. Coñécese que a nai de Sarmiento, Clara Balboa, foi filla única, polo que podemos conxecturar que a súa nai María López de Castro, a esposa do dito Gómez, morreu nova (no propio parto?), de maneira que este, ó enviuvar, decidiu seguir carreira eclesiástica, deixando Clara ó coidado dos familiares en Pérros (Samos). Haberá que comprobar esta conxectura coa documentación conservada na propia casa de Pérros, tal como tiñamos pensado facer Carlos Casares e eu nos días posteriores ó seu inesperado falecemento. Fose como for, paréceme que hai que subliñar que a inclinación pola carreira eclesiástica, que tan forte se manifesta na familia de Sarmiento, procede máis ben da tradición familiar materna ca da paterna.

Outro punto sobre o que quería chamar a atención é o da conexión familiar de Martín Sarmiento coas terras do Bierzo, e en concreto con Vilafranca. Por suposto, sabíamos que o seu nacemento nesta vila non fora producto da casualidade, pois os seus pais casaran alí en 1682, isto é, trece anos antes de que el viñese ó mundo, e alí levaban residindo polo menos desde esa data. Pero coido que ata agora non foramos conscientes de que a familia materna tiña raíces moi fondas nas comarcas do Bierzo. O saudoso Carlos Casares mesmo lanzara a hipótese do nacemento de Clara Balboa Sarmiento en Vilafranca, fundado no lugar escollido para celebrar o matrimonio (que normalmente coincidía co de residencia da noiva), e nas referencias que aparecen na viaxe da 1754/55, cando frei Martín di: "Melezna (lugar próximo a Vilafranca), coa presentación do curato e o señorío, todo é do morgado de don Matías Balboa Sarmiento, da casa da Barcia de Pérros, na abadía de Samos." (p. 169).

Eu mesmo contribuín a reafirmar a Carlos nesa hipótese, pois unha das árbores xenealóxicas contidas no cartafol que estamos a comentar dá azo para esa interpretación. Hoxe estou case totalmente seguro que estábamos enganados, e temos que confiar en Sarmiento cando di no caderno da viaxe de 1745: "Samos... á dereita, casa e lugar de Pérros, onde naceu a miña nai, filla de don Gómez Balboa Sarmiento". Pero onde a intuición de Casares se revelou totalmente certeira foi no vencellamento da familia materna de Sarmiento coas terras do Bierzo: véxase na árbore xenealóxica nº 2 como Felipa Sarmiento, avoa de Gómez Balboa (que é precisamente a que incorpora o apelido Sarmiento á familia), viñera de Vilafranca, onde se asentaría a póla principal da familia, representada por aquel Matías Balboa Sarmiento que aparece na cita que dá cabo ó parágrafo anterior.

Con respecto ás cartas de Pedro de la Riega que ofrecemos extractadas, queremos realizar dous rápidos apuntamentos. Primeiramente, debemos advertir que non hai que tomar á letra as informacións que ofrece, pois non son totalmente exactas. Por outra parte, queremos aclarar as referencias, aldraxantes, de Pedro de la Riega ós seus primos os Correa: trátase dos descendentes do matrimonio formado por Francisca Clara Sarmiento (filla de Francisco Xavier, o irmán predilecto de frei Martín) con Joseph Blas Correa y Salgado. Máis precisamente, serán os fillos ou netos de don Alonso, o primoxénito do dito casal, quen motivou a célebre carta de frei Martín a Francisco Xavier "Sobre a educación de Alonsiño". A sustanciosa noticia que dá Pedro de Riega, segundo a cal os Correa foron os herdeiros dunha parte importante dos papeis do sabio, entre os cales se contaba a súa correspondencia con Francisco Xavier, vese confirmada por unha nota autógrafa que aparece ó final dunha copia da sarmentina "Disertación sobre Almadrabas" conservada na Biblioteca Nacional de Madrid. En defensa dos ditos Correa, hai que dicir que foron bos custodios do legado de frei Martín, como testemuña a conservación das cartas deste a Francisco Xavier, hoxe atesouradas precisamente na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago.

Non prolongaremos máis estas notas, que esvaran cara a unha erudición impropia nas páxinas dun xornal. Queda claro, agardamos, que aínda hai moito que pescudar arredor de Martín Sarmiento, unha figura central da historia da cultura galega. Facemos votos para que o Consello da Cultura Galega contribúa, coa colaboración dos principais estudiosos da obra sarmentina, a pagar a inxente débeda que Galicia ten cun dos seus fillos máis eminentes. Réstanos a mágoa de que Carlos Casares xa non o poderá ver, pero o noso traballo constituirá un tributo máis á súa memoria.

[1]

NOTA

Don Isidro Charro, canónigo de san Marcos de León y mi amigo, me hizo el favor de registrar los Libros de Grados de aquel convento, y me avisó que en 1648 había tomado allí el hábito Don Francisco Balboa, y que en 1650 le había tomado también allí Don Gómez Balboa, su hermano. Después me valí del Maestro Puga para que me atestiguara lo que consta de [la] carta [que acompaña a esta nota]. Según su contexto, estos dos hermanos vivían en Salamanca por el año de 1662. Don Gómez era colegial teólogo en el Colegio del Rey, y Don Francisco, su hermano, era administrador del célebre convento de Sancti Spiritus de comendadoras de Santiago, en Salamanca; y por ser más antiguo Don Francisco, y por no confundir los dos Balboas, tomó a veces Don Gómez el apellido Quiroga, que sin duda sería de su madre Doña Beatriz. Es cosa singular que Don Francisco consiguiese que su hermano Don Gómez se enterrase en el Presbyterio de la Iglesia de Sancti Spiritus, como consta de esta carta, y se podrá tener noticia del dicho entierro si se suplica al Administrador actual que la halle [?], registrando en los libros de Sancti Spiritus el año de 1663 a 18 de enero.

San Martín de Madrid, Noviembre, 17 de 1756.

Fray Martín Sarmiento
Benedictino

Habiendo tomado el hábito Don Gómez en San Marcos de León el año de 1650, se conoce que le tomó de poca edad, pues habiendo entrado a ser teólogo en el Colegio del Rey de Salamanca el año de 1661, ocupó 10 años en otros ejercicios. Y el no haber traza de Don Francisco en los libros del Colegio es señal que no siguió los estudios, y que su hermano Don Gómez, por mostrar talentos, viveza y habilidad, fuese escogido para seguir la literatura y ha sido lástima que muriese tan temprano. De todo lo dicho se deduce que Don Gómez no volvió a Perros desde el año de 1650, y todo concuerda con la tradición.

* * *

[2]

Pontevedra, Diciembre, 3, de 1819
S. D. Francisco de Paula Cousiño

Mi estimado primo y amigo: mucho me ha gustado la noticia que me comunica la del 23 del anterior, sobre su grande empresa de dar a luz pública la vida de nuestro clarísimo tío el Maestro Sarmiento, con una razón de sus obras inéditas y la descripción de Pontevedra, a quien aquel sabio benedictino llamó siempre su patria, sin embargo de que Villafranca del Bierzo le vió nacer primero. Repito que la obra que usted va a principiar es grande tanto por el objecto como por la variedad de noticias que debe contener; y para que salga perfecta en el todo, es sensible carezca usted de los materiales indispensables para ella. Muchos hallará usted en San Martín, y no pocos en el archivo del Excelentísimo Marqués de Villafranca, en cuya casa creo está reunida hoy la de aquel ilustre literato y amigo de nuestro difunto [tío], el Excelentísimo Duque de Medina Sidonia. Muy buenos papeles y manuscritos de Sarmiento tenía su hermano Don Francisco Xavier, pero qué destino tuvieron cuando al fallecimiento de este recayeron en Don José Blas y su descendencia oratesca no lo ignora usted. Contemos con lo que usted tiene y yo le puedo suministrar con las siguientes notas.
Fray Martín Sarmiento nació en Villafranca del Bierzo el año de 1695, hallándose su padre allí, dirigiendo algunas obras como arquitecto que era de profesión. A los dos años cumplidos, le trajo este a Pontevedra con motivo de ejercer el empleo de Correo mayor de esta villa. Vivía en la plaza de Campo Verde o de la Hierba, y en la casa que usted dice. En 1710, día de Santa Cruz de Mayo, salió de la casa de Santa Margarita Pedro José con dirección a San Martín de Madrid, donde vistió la cogulla de San Benito, y mudó el nombre de Pedro en Martín. Profesó en el [año] siguiente de 1711. Los hermanos de Fray Martín fueron: José Antonio, que entró en la Compañía de Jesús y murió en primero de marzo de 1747, Doña Bernarda, Don Francisco Xavier, y Doña Rosa. Los dos últimos nacieron en Pontevedra y los demás en Villafranca. Sus padres eran Don Alonso García de Gosende y Doña Clara Balboa y Sarmiento. Abuelos paternos Alonso García y Martín Gosende, segundos abuelos Juan García y Dominga Lopo Figueroa, terceros abuelos Juan Lopo y María García. Los dos primeros y segundos venían del lugar de Raposeiras, parroquia de San Juan de Cerdedo, y los últimos de Santa María de Aguasantas, y descendientes de la antiquísima casa de Seraje o Seragium, cuyas armas he visto en una pared de la rectoral de Balongo, y llevó de allí el bachiller Juan García, cura que fué del dicho beneficio. Ignoro los abuelos por parte materna de Fray Martín, pero sé que la primera fué Beatriz Sarmiento y Quiroga [y] que esta, además de Doña Clara tuvo dos hijos llamados Don Francisco y Don Gómez. Ambos fueron canónigos de San Marcos de León y tomaron allí el hábito, aquel en 1648 y este en 1650. Pasaron a Salamanca, y en 1662 el Don Gómez era colegial Teólogo en el Colegio del Rey, y Don Francisco administrador del Convento Santi-Espíritus de Comendadoras de Santiago. Este murió en el siguiente [año] de 1663, y se le dió sepultura en el Presbiterio de dicho Convento.
La mujer de Francisco Xavier se llamaba Doña Magadalena de Ogando. Mi segunda abuela Doña Rosa se casó en segundas nupcias con Don Bernardo Millán, cuyos hijos fueron don José, cura de Mourente, Fray Millán, Doña Xaviera, casada con Estevan Cordero, y Doña Antonia, con Pedro Diego Mouriscados.Seguiré dando a usted las noticias que tengo y pueda adquirir, persuadiéndome de que no me ocuparé en cosa más agradable. Mientras, queda su primo amigo y servidor, q. b. s. m.

Pedro de la Riega
Recibí el certificado.

* * *

[3]

Pontevedra, Diciembre, 16, de 1819
Sr. D. Francisco de Paula Cousiño

Primo y mi estimado amigo: cuando recibí la de usted de primero del corriente ya había salido para esa el Maragato Nieto dos días antes, y por lo mismo no pude entregarle algunos papeles para usted que conducen a la obra que quiere dar a la luz pública; mas, para no detenerla del todo, incluyo la adjunta descripción de la villa formada por Don Francisco Xavier, hermano del Maestro Sarmiento, a la que puse algunas notas marginales que usted reconocerá. Igualmente, acompaña la continuación de los papeles inéditos de que tengo noticia, y sin incluir los publicados en el Semanario de Valladares y por ese monasterio de San Martín. Dije a usted en mi anterior que, habiendo caido en manos del los idiotas Correas la correspondencia literaria que el padre Sarmiento siguió con su hermando en largo espacio de 50 años, nos vemos hoy privados de un tesoro, que acrescería la gloria de nuestro clarísimo [tío] y el honor de su familia. [...]
Aunque carece de la fe de bautismo de Sarmiento, no obstante ajusta bien su cuenta, y efectivamente nació en 9 de Marzo del año de 1695, y su hermano Don Xavier, el 15 de agosto de 1700. Así lo dice aquel a este en la carta que 1770 de dirigió, y conservo original.
Cuando estuvo aquí Armero examinando la estadística de este partido, venía todos los días a casa para hablar sobre los papeles y privilegios de la villa, y sólo tenía noticia del concedido por San Fernando el tercero a los mareantes. Ignoraba sobre otros el más necesario y más útil a la villa, que es el de Henrique IV, concediéndole 30 días de feria franca por S. Bartolomé, que el Maestro vión en su archivo en 1755, y hoy no se sabe su paradero, como de los demás. En una época, siendo yo regidor, he ordenado sus papeles por encargo del Ayuntamiento, he observado algunas copias de letra y puño de la Garduña Don Andrés, mayordomo de Casa, y luego presumí que la ignorancia y la malicia siempre fueron la divisa de los bobos e ineptos barones perpetuos o semidioses de Pontevedra, como llamaba nuestro tío Sarmiento. Dios les perdone los perjuicios que hicieron a la villa, y de que con dificultad podrá resarcirse.
[...]
Hasta otra ocasión queda de usted su primo y amigo q. b. s. m.

Pedro de la Riega

* * *

[4]

Pontevedra, Febrero 4 de 1820
Sr. D. Francisco de Paula Cousiño

Mi estimado primo y amigo: hace un mes no tomé la pluma para contestar a las cartas que recibí desde primero del corriente año, porque las ocurrencias de casa en este intermedio (y especialmente el parto de mi compañera, a mediados del mes anterior, de un niño que con felicidad dió a luz y ofrezco a usted(, han suspendido mi correspondencia. En el día, más aliviado de negocios domésticos, y teniendo a la vista la última de usted de 4, digo que, cuando estuvo aquí Armero, le entregué con calidad de reintegro unas nueve cartas del padre Sarmiento a su hermano. Y en la que no tengo noticia de su fecha (aunque me parece fué dirigida a este en 1756), he visto la etimología de la voz 'Tambo', que es idéntica a su contexto. Si aquel me las devolviese como creí entonces se la remitiría a usted original.
He visto y tengo el privilegio de Don Ordoño II al monasterio de Lérez en el apéndce del tomo XIX de la España Sagrada del Maestro Flórez, página 354, edición de Madrid de 1765. Habla, entre otras cosas, del castillo de Cedofeita, del río Elba, de Porto de Seco, del río Couso, etc. La data del aquel es del año de 916. No vi el privilegio de la feria concedido a la villa por Enrique IV, pero lo ha leído el Maestro Sarmiento aquí, y lo cita en su papel sobre caminos, papel dirigido al conde de Aranda, que está impreso y lo trae Valladares en el tomo XX de su Semanario, que tengo con los más que publicó de dicho autor y envié a usted una nota antes de ahora. [...]
Preguntando a su hermano por algunos papeles del Padre Sarmiento, me dijo que tenía un árbol genealógico de la familia, y el curioso y erudito original sobre la cebra, uno y otros hechos y escritos por aquel. Ofreció enviármelos a casa, mas no lo ejecutando aún, se lo recordaré mañana para dirigir a usted copia a la letra de ambos, con otra que yo tengo, de los hombres célebres hijos de esta villa. [...]
Hasta otra ocasión, queda para continuar con más apuntes su primo, amigo y servidor q. b. s. m.

Pedro de la Riega

* * *